


Universidade de Vigo

Revisión do sistema pola dirección Curso 2016-2017

Informe anual de resultados do centro, R1 DE-03 P1
(Elaborado a partir do modelo do anexo 1 do 10/11/2017)

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 26 de febreiro de 2018.



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus de As Lagoas
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia: R1 DE-03 P1
Documento: 1
Data: 27/02/2018
Páxinas: 20

Índice

I – Aspectos introductorios	3
I.1 – Presentación e obxecto do informe	3
I.2 – Posta en marcha das actividades do centro	3
I.3 – Sobre a elaboración deste informe	5
II – Datos e análise dos resultados	6
II.1 – Rexistro de resultados do panel de indicadores do SGIC	6
II.2 – Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento	10
II.3 – Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	11
II.4 – Indicadores por materia	11
II.5 – Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)	12
II.6 – Datos relativos a QSP recibidas	12
II.7 – Estado da situación dos rexistros de calidade do sistema	13
II.8 – Outros datos	15
III – Propostas de mellora	16
III.1 – Estado das propostas de mellora de informes anteriores	16
III.2 – Novas propostas de mellora	16
IV – Conclusións e acordos	19
V – Anexos	20

I – Aspectos introductorios

I.1 – Presentación e obxecto do informe

O informe da “Revisión do sistema pola dirección” é un rexistro anual de calidade inserido no procedemento de revisión pola dirección (R1 DE-03-P1), en vigor para a maioría dos centros da Universidade de Vigo. O seu obxectivo é analizar os resultados que se están a acadar no centro, asegurar a mellora continua e verificar a adecuación e a eficacia das accións que se están a realizar, con especial énfase no Sistema de Garantía Interno de Calidade.

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) foi creada no campus de Ourense no ano 2017 e está a poñer en marcha as súas estruturas organizativas, ver os detalles na sección I.2. Por este motivo, na data de aprobación do presente informe, a EEAE aínda non conta cunha Comisión de Calidade nin con manual ou procedementos de calidade aprobados. Sen embargo, resulta interesante redactar o presente informe, seguindo as pautas xerais marcadas pola Área de Calidade da Universidade de Vigo. Ao non existir Comisión de Calidade, é preciso definir *ad hoc* un procedemento para a elaboración e aprobación do informe, como se detalla na sección I.3.

Tendo en conta que pasou apenas un ano dende a creación da Escola, está claro que este é o primeiro informe deste tipo elaborado no centro e que existen certas particularidades, con respecto a outras facultades ou escolas que levan funcionando máis tempo. Por exemplo, aínda non existen egresados de ningunha titulación, non houbo tempo para definir taxas como a de abandono, non existe ningún plan de acción de mellora en vigor, etc. Por todo isto, hai un número de apartados que non se poden cubrir. Sen embargo, optouse por incluír os ditos apartados, aínda que practicamente sen contidos, para conferirlle ao documento unha estrutura que se poida manter cando pase o período transitorio de progresiva implantación da oferta docente. Deste xeito, quérese posibilitar que sexa máis sinxela a análise, a medio prazo, da evolución da EEAE.

I.2 – Posta en marcha das actividades do centro

A Universidade de Vigo, dacordo cos obxectivos da Xunta de Galicia de potenciar o sector aeroespacial e mais a oferta científico-tecnolóxica do campus de Ourense, decidiu solicitar a inclusión do Grao de Enxeñaría Aeroespacial na seu mapa de titulacións. Con ese obxecto, creouse unha Xunta de Titulación para deseñar un plan de estudos axeitado e confeccionar a memoria do título, que finalmente foi aprobada para a súa implantación. Comezouse a impartir a docencia no curso 2016-2017, coa implementación do primeiro curso do grao. A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo creouse oficialmente como novo centro da Universidade de Vigo, situado no Campus de Ourense, a comezo do ano 2017. A partires dese momento, empezaron a crearse as estruturas e normativas que permiten o goberno e funcionamento do centro. A creación das ditas estruturas non pode ser inmediato dado que teñen que seguir unha orde lóxica e cumprirse unha serie de prazos e procedementos. O Regulamento de Réxime Interno (RRI) entrou en vigor en outubro de 2017. Esta é a razón pola que na data de redacción deste informe, a Comisión de Calidade do centro aínda non está constituída e, por iso, non existe un Sistema de Garantía Interna de Calidade en vigor. Trala aprobación do RRI, decidiuse esperar ás eleccións a representantes da Xunta de Escola de febreiro de 2018 para que, alomenos, teñan representación o profesorado e estudantado dos dous primeiros cursos do grao.

A continuación, enuméranse os fitos fundamentais na creación e desenvolvemento da actividade inicial da EEAE, así como da implantación da súa oferta docente.

1. Aprobación da Xunta de Titulación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial: Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de marzo de 2015.
2. Constitución da Xunta de Titulación: 16 de abril de 2015.

3. Informe favorable definitivo da ACSUG para a memoria grao elaborada pola Xunta de Titulación: 19 de abril de 2016.
4. Publicación no DOG do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Aeroespacial: 21 de novembro de 2016 (previa obtención da verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, previo informe positivo da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), declarado o carácter oficial do título polo Acordo do Consello de Ministros de 7 de outubro de 2016, publicado mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Universidades de 14 de outubro de 2016 (BOE de 26 de outubro)).
5. Comezo da docencia do Grao en Enxeñaría Aeroespacial: setembro de 2016.
6. Creación oficial da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo: 12 de xaneiro de 2017 (DOG de 14 de xaneiro de 2017). Previamente, aprobouse a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo de 2015, sendo ratificada a súa creación polo Consello Social, na sesión do día 23 de xullo de 2015.
7. Eleccións a representantes na Xunta de Escola:
 - Constitución da Xunta Electoral: 6 de febreiro de 2017.
 - Proclamación definitiva de candidatas e candidatos: 24 de febreiro de 2017.
8. Constitución da Xunta de Escola: 1 de marzo de 2017
9. Aprobación da declaración de interese para tres mestrados, un deles co obxectivo de ser implantado no curso 2018-2019 e os outros dous no 2019-2020: 1 de marzo de 2017.
10. Elección a director da EEAE: 6 de abril de 2017.
11. Constitución da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos: 21 de abril de 2017.
12. Aprobación da memoria do Mestrado en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados: 11 de maio de 2017 (primeira versión), 23 de xuño de 2017 (segunda versión, coa inclusión de emendas) e 21 de xullo de 2017 (versión definitiva, tras incorporar correccións sinaladas pola COAP).
13. Aprobación do Regulamento de Réxime Interno:
 - Presentación en Xunta de Escola dunha primeira versión do RRI: 23 de xuño de 2017.
 - Presentación en Xunta de Escola dunha segunda versión do RRI e apertura de período de emendas: 4 de xullo de 2017.
 - Aprobación en Xunta de Escola dunha versión do RRI: 21 de xullo de 2017.
 - Aprobación en Xunta de Escola da versión definitiva do RRI, trala revisión por parte da Asesoría Xurídica: 18 de setembro de 2017.
 - Aprobación da versión definitiva do RRI en Consello de Goberno da Universidade de Vigo: 9 de outubro de 2017.
 - Entrada en vigor do RRI: 10 de outubro de 2017.
14. Elección da coordinadora de mobilidade: 18 de setembro de 2017.
15. Elección do coordinador de calidade: 18 de setembro de 2017.
16. Segundas eleccións a representantes na Xunta de Escola (calendario aprobado pola Xunta Electoral o día 15 de decembro de 2017):. Data da proclamación definitiva de candidatas e candidatos electos: 19 de febreiro de 2018.
17. Constitución da Comisión de Calidade: marzo de 2018 (esperado).
18. Aprobación do Sistema de Garantía Interna de Calidade: marzo ou abril de 2018 (esperado).

I.3 – Sobre a elaboración deste informe

Como se explicou máis arriba, a EEAE non conta nestes momentos cunha Comisión de Calidade, polo que foi preciso establecer un procedemento eficiente e transparente para a elaboración do presente informe. Seguíronse os seguintes pasos:

1. Recollida de datos e presentación preliminar. Responsables: Área Apoio á Xestión Centros e Departamentos-Ourense, equipo directivo e coordinador de calidade da EEAE.
2. Organización das reunións para a revisión pola dirección. Responsables: equipo directivo e coordinador de calidade da EEAE.
3. Elaboración dun informe provisional. Responsable: coordinador de calidade. Data: 22 de decembro de 2017.
4. Revisión do informe provisional por parte da Área de Calidade. Data: 9 de xaneiro de 2018.
5. Elaboración dun novo informe provisional. Responsable: coordinador de calidade.
6. Revisión do informe en reunión do equipo directivo. Data: 12 de febreiro de 2018. Asistentes: Arno Formella (director), Iván Area (subdirector), Ángel Paredes (secretario e coordinador de calidade).
7. Revisión do informe por parte da Área de Calidade. Data: 20 de febreiro de 2018..
8. Revisión pola Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos dos puntos en relación ao Grao de Enxeñaría Aeroespacial. Data: 23 de febreiro de 2018.
9. Debate e aprobación do informe en Xunta de Escola. Data: 26 de febreiro de 2018.
10. Elaboración do informe definitivo, incluíndo as pequenas correccións aprobadas en Xunta de Escola e corrección de erratas. Responsable: coordinador de calidade. Data: 27 de febreiro de 2018.

II – Datos e análise dos resultados

Os datos que se presentan a seguir recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas. Sepáranse os indicadores específicos do ámbito do centro dos relativos as titulacións. Asimesmo, fanse táboas separadas para os distintos ámbitos dos indicadores. É evidente que para unha enorme parte dos indicadores aínda non hai datos, debido á recente creación da Escola e a implantación da única titulación que agora mesmo se imparte. En particular, aínda que nas táboas se presentan columnas para as tres últimas anualidades, cómpre lembrar que a actividade docente do centro comezou no curso 16/17 e, polo tanto, os resultados de anualidades anteriores están sempre en branco. Moitos dos resultados tampouco se poden definir ou non están dispoñibles, en cada caso se especificarán brevemente os motivos. En todo caso, créanse as táboas con todos os indicadores para referencia en futuras anualidades. Espérase que para o curso 17/18 xa se poidan ter datos en máis indicadores. En anualidades sucesivas iranse incorporando os indicadores que requiren a existencia de egresados/as, programa de mobilidade, estudantado en prácticas, etc. que requiren do normal funcionamento da Escola durante máis tempo.

II.1 – Rexistro de resultados do panel de indicadores do SGIC

Indicadores relativos ao centro (EEAE)

Panel de indicadores do SGIC		Meta de calidade asociada	Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
I01-MC	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	—	—	—	—
I05-MC	Grao satisfacción PAS	—	—	—	—
I01-D0	Seguimento das titulacións	—	—	—	—
I02-D0	Acreditación das titulacións	—	—	—	—
I17-PE	Porcentaxe de PAS en formación	—	41,70 %	—	—

O indicador I01-MC non se cubre por non existir aínda sistema de calidade. O dato do I05-MC non está dispoñible. Os indicadores I01-D0 e I02-D0 non proceden ao non haber SGIC e non ter titulacións que pasaran procesos de seguimento ou acreditación

Indicadores relativos ao Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Panel de indicadores do SGIC (mellora continua)		Meta de calidade asociada	Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
I02-MC	Grao satisfacción estudantado	—	4,00	—	—
I03-MC	Grao satisfacción profesorado	—	—	—	—
I04-MC	Grao satisfacción persoas tituladas	—	—	—	—
I06-MC	Grao satisfacción empregadores	—	—	—	—

O indicador I02-MC extráese do informe “Resultado da avaliación docente da titulación” (información pública da Universidade, escala de 1 a 5). Para o I03-MC non hai datos dispoñibles. O I04-MC e I06-MC non proceden ao non haber aínda egresados.

Panel de indicadores do SGIC (xestión académica)		Meta de calidade asociada	Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
I01-AC	Nota media de acceso*	—	11,204	—	—
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso	—	10,180	—	—
I02-AC	Ocupación	—	100 %	—	—
I03-AC	Preferencia	—	334 %	—	—
I03(2)-AC	Adecuación	—	100 %	—	—
I04-AC	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	—	50 de 50	—	—

* Especificase a nota media de acceso do estudantado procedente de ensino secundario (con PAAU). No curso 16/17, a nota media das mulleres foi de 11,267 e a dos homes foi de 11,142. Tamén houbo acceso dun licenciado en física cunha nota de 6,682.

Panel de indicadores do SGIC (docencia)		Meta de calidade asociada	Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
I03-DO	Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado	—	—	—	—
I04-DO	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado	—	3,99	—	—
I05-DO	Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	—	3,96	—	—
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	—	—	—	—
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	—	—	—	—
I08-DO	Grao de satisfacc	—	—	—	—
I09-DO	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	—	—	—	—
I09(2)-DO	Estudantes estranxeiros	—	—	—	—
I10-DO	Duración media dos estudos	—	—	—	—
I11-DO	Taxa de rendemento	—	79 %	—	—
I12-DO	Taxa de abandono	—	—	—	—
I13-DO	Taxa de eficiencia	—	—	—	—
I14-DO	Taxa de graduación	—	—	—	—
I15-DO	Taxa de éxito	—	84 %	—	—
I16-DO	Tempo medio para atopar emprego	—	—	—	—

Os datos para I03-D0, I06-D0 non están dispoñibles. Os datos I04-D0 e I05-D0 extraíense do informe “Resultado da avaliación docente da titulación” (información pública da Universidade, escala de 1 a 5, apartados 12 e global item 3). Os items I07-D0, I10-D0, I14-D0, I16-D0 non se poden definir ao non haber aínda egresados do Grao. O indicador I09-D0 non procede ao non estar aínda en marcha o plan de mobilidade. Os indicadores I12-D0 e I13-D0 non se poden definir ao non ter pasado suficientes cursos de docencia no Grao.

Panel de indicadores do SGIC (xestión do persoal)		Meta de calidade asociada	Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
I17(2)-PE	Profesorado en programas de formación	—	4/19: 21 %	—	—
I02-PE	Cualificación do PDI	—	18/19: 94,73 %	—	—
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)	—	43	—	—
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Ver a seguinte táboa			

I03 (2)-PE Profesorado por categorías					
Titulación	Curso académico	Categoría laboral	Número profesores (homes)	Número profesoras (mulleres)	Profesorado (total)
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	16/17	Catedrático/a de universidade	2	1	3
		Profesor/a titular de universidade	9	1	10
		Profesor/a contratado/a doutor/a	3	2	5
		Profesor/a visitante	1	0	1
Total			15	4	19

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Está claro que aínda hai poucos datos dispoñibles para facer unha análise en profundidade ou detectar tendencias, pero pódense constatar varios aspectos positivos:

- A demanda da única titulación ofertada pola EEAE é moi forte, ocupándose todas as prazas e quedando excluídos moitos solicitantes. A nota mínima de acceso é das máis altas da Universidade de Vigo e do Sistema Universitario Galego, polo que se pode concluír que o Grao de Enxeñaría Aeroespacial resulta interesante para o alumnado potencial.
- As taxas de rendemento e de éxito son relativamente altas, o que se pode considerar satisfactorio.
- Pódese constatar a presenza de profesorado cualificado, cunha alta porcentaxe con vinculación permanente e un alto número de sexenios.

Como aspectos negativos, pódese comentar o seguinte:

- Aínda que dos 19 profesores só houbo un profesor visitante, cómpre sinalar que foi o profesor da área de Enxeñaría Aeroespacial. Esta é unha área clave para a titulación que sería interesante cubrir con persoal estable.
- Baixa porcentaxe do profesorado en programas de formación.
- Desequilibrio entre número de homes e mulleres.

II.2 – Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento

Indicadores relativos ao Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Indicadores de seguimento		Resultado curso 16/17	Resultado curso 15/16	Resultado curso 14/15
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado por titulación de procedencia	Ver a seguinte táboa		
I8	Resultados de avaliación docente	Participación	115,16 %	—
		Resultado	4,00	—
I9	Profesorado avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	—	—	—
I10	Profesorado que participa en programas de mobilidade	Número	2/19	—
		Porcentaxe	10,52 %	—
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa / entidade		
I14	Resultado de inserción laboral	—	—	—
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupo A	50	—
		Tamaño grupo B	25	—
		Tamaño grupo C	16,7	—

Para o indicador I9 non hai datos. O indicador I11 non procede xa que aínda non hai alumnado en prácticas. O indicador I14 non procede ao non haber aínda egresados.

E3-I2 Perfil de ingreso								
Centro	Tipo estudo	Titulación	Curso académico	Modalidad ingreso	Estudo acceso	Número de ingresos (homes)	Número de ingresos (mulleres)	Número de ingresos (total)
107 Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	Grao	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	16/17	Procedentes do ensino secundario – con PAAU	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	31	18	49
				Título de licenciado	Licenciado en física	1		1
Total						32	18	50

ANÁLISE DOS RESULTADOS

- Podería ser interesante fomentar a participación do profesorado en programas de mobilidade.
- O tamaño dos grupos de clases teóricas e prácticas é axeitado para desenvolver docencia de calidade.
- Está claro que a meirande parte do alumnado provén de bacharelato.
- Os resultados de avaliación docente son satisfactorios, lixeiramente por riba da media da Universidade.

II.3 – Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Nesta anualidade non hai datos para a EEAE no que respecta ás enquisas de satisfacción do alumnado e o profesorado. No seu defecto, sí que se conta coa información pública: “Resultado de avaliación docente da titulación”. Inclúese como anexo I a este informe.

II.4 – Indicadores por materia

Grao en Enxeñaría Aeroespacial

A seguinte táboa indica a taxa de éxito (IM01), o rendemento (IM02) e a avaliación (IM03) por materia, para o Grao de Enxeñaría Aeroespacial, no curso 2016/2017.

Titulación	Materia	Curso	Éxito	Rendemento	Avaliación	
Grao en Enxeñaría Aero-espacial	G410101	Matemáticas: Cálculo I	16/17	82 %	82 %	100 %
	G410102	Matemáticas: Álgebra lineal	16/17	83 %	82 %	98 %
	G410103	Física: Física I	16/17	84 %	78 %	92 %
	G410104	Informática: Informática	16/17	91 %	88 %	96 %
	G410205	Tecnoloxía aeroespacial	16/17	100 %	96 %	96 %
	G410201	Matemáticas: Cálculo II	16/17	88 %	86 %	98 %
	G410202	Física: Física II	16/17	79 %	61 %	78 %
	G410203	Química: Química	16/17	60 %	59 %	98 %
	G410204	Empresa: Administración da tecnoloxía e a empresa	16/17	100 %	96 %	96 %
	G410105	Expresión gráfica: Expresión gráfica	16/17	74 %	65 %	88 %

Referencias aos informes de cualificación por materia

Achégase como anexo II un informe detallado sobre os resultados do curso 16/17 no Grao de Enxeñaría Aeroespacial.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

- Os resultados acadados por materia son en xeral satisfactorios, en liña cos habituais en estudos similares noutras universidades.
- As materias de primeiro curso que parecen causar maiores dificultades ao alumnado son Química e Expresión Gráfica. Isto débese, probablemente, a que parte do estudantado non cursou en bacharelato as materias correspondentes.

II.5 – Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)

Non hai

II.6 – Datos relativos a QSP recibidas

Durante o curso 2016-2017, soamente se rexistrou unha entrada no buzón de QSP. Tratouse dun parabén en relación ao nomeamento como emérito dun profesor do centro.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O buzón QSP funciona e durante o curso 16-17 non se recibiron queixas nin suxestións, mentres que o parabén non está realmente relacionado co funcionamento da Escola. É demasiado cedo para extraer conclusións e haberá que agardar a vindeiras anualidades para poder facer unha análise máis exhaustiva.

II.7 – Estado da situación dos rexistros de calidade do sistema

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado/Situación			
Planificación e desenvolvemento estratéxico	R1-DE01P1	Plan estratéxico do centro			X	
Seguimento e medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores			X	
Revisión do sistema pola dirección	R1-DE03P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais	R1-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación			X	
	R2-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación			X	
Seguimento e mellora das titulacións	R1-DO0102P1	Informes anuais de seguimento			X	
	R2-DO0102P2	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)			X	
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)			X	
Suspensión e extinción dunha titulación	R1-DO0103P1	Resolución de extinción dun título			X	
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG			X	
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación		X		
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)			X	
Promoción das titulacións	R1-DO0202P1	Plan de promoción do centro.		X		
Orientación ao estudantado	R1-DO0203P1	Plan de acción titorial		X		
	R2-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT			X	
Xestión das prácticas académicas externas	R1-DO0204P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares				X
Xestión da mobilidade	R1-DO0205P1	Listaxe de estudantado propio seleccionado				X
	R2-DO0205P1	Listaxe de estudantado de mobilidade alleo				X
Información pública e rendemento de contas	R1-DO0301P1	Plan operativo de xestión pública			X	
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	R1-MC02	Comunicación da QSP		X		
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta validados			X	
	R3-MC02	Informe QSP Periódico			X	

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado/Situación				
Satisfacción das usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU			X		
	R2-MC05	PAESU					X
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación					
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación					
	R5-MC05	Informe de seguimento do PAESU					
Xestión do PAS	R1-PE01	Identificación de necesidades do PAS do centro			X		
	R2-PE01	Identificación de necesidades do PAS do centro					X
Xestión do PDIs	R1-PE02	Resultados de avaliación docente anuais			X		
	R2-PE02	Informe para responsables académicos					
	R3-PE02	Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas					
	R4-PE02	Ficha de programa/ actividade de formación					X
Xestión de recursos materiais	IT01-PA07	Criterios de selección de recursos materiais e provedores			X		
	IT02-PA07	Ficha de solicitude do recurso material					X
Xestión de servizos	IT01-PA08	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro			X		
	IT02-PA08	Informe de resultados dos servizos contratados					X

Lenda de cores	
Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	
Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

ANÁLISE DOS RESULTADOS

- Está claro que, debido á recente creación da Escola e implantación dos estudos, aínda é necesario desenvolver a maioría dos apartados, o que deberá facerse unha vez se constitúa a Comisión de Calidade.
- É positivo que algúns procedementos de importancia, coma o Plan de Acción Titorial e o buzón de Queixas, Suxestións e Parabéns, foron postos en marcha desde o comezo da

impartición da docencia.

II.8 – Outros datos

Cómpre salientar unha iniciativa que se puxo en marcha desde a Escola e que está a ter grande aceptación entre o estudiantado e o profesorado. Trátase dun ciclo de conferencias, denominado **Foro Aero**, con periodicidade aproximadamente mensual, na que expertos de institucións de prestixio se achegan á EEAE para explicar temas diversos relacionados co mundo da enxeñaría aeronáutica e do espazo. As conferencias impartidas durante o curso 2016-2017 foron:

- Fernando Aguado, “Aerospace Engineering: the base to space”, 17 de novembro de 2016.
- Jorge Mira, “A que altura está o firmamento”, 9 de febreiro de 2017.
- Chantal Cappelletti, “Small Satellites: the university way to access space”, 22 de febreiro de 2017.
- Juan Ramón Sanmartín, “Tether Missions to Explore Moons of the Giant Outer Planets”, 29 de marzo de 2017.
- Ubaldo Manuel García Palomares, “On the design of algorithms for solving optimization models without computing derivatives”, 4 de maio de 2017.

Tamén é preciso indicar que a Escola organizou actividades de promoción da titulación como a Xornada de presentación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial ou presentacións en distintos centros de educación secundaria.

É interesante salientar que as actividades da EEAE apareceron en numerosas ocasións en novas da prensa local e rexional. Estas novas destacan, entre outras cuestións, a creación do novo centro e os novos estudos no campus de Ourense, así como a súa situación destacada entre as titulacións cunha maior nota de entrada dentro do sistema universitario de Galicia. Tamén houbo aparicións en prensa en referencia a membros do profesorado da Escola. Entre elas, tal vez cómpre destacar, polo seu impacto internacional, o nomeamento do profesor Humberto Michinel como presidente da European Optical Society. Achégase como anexo III unha escolma dalgúns das notas de prensa relacionadas coa EEAE durante o curso 2016-2017.

III – Propostas de mellora

III.1 – Estado das propostas de mellora de informes anteriores

Tendo en conta que este é o primeiro informe de revisión do sistema pola dirección da EEAE, non hai comentarios que sinalar neste apartado.

III.2 – Novas propostas de mellora

As particulares circunstancias relativas á nova creación da EEAE fan que o traballo de mellora das vindeiras anualidades non se teña que centrar só en corrixir defectos e perfeccionar as actividades que xa se levan a cabo, senon que é preciso poñer en marcha toda unha serie de estruturas para o bo funcionamento das súas titulacións. Polo tanto, a precisa de mellora non procede só da análise dos resultados acadados senón do estudo dos retos que se deben afrontar para completar a exitosa posta en marcha da Escola. Lístanse neste apartado as accións precisas para abordar as necesidades detectadas na EEAE:

- **Estrutura organizativa da EEAE:** O Regulamento de Réxime Interno da EEAE entrou en vigor o día 10 de outubro de 2017. Nel, defínense as comisións que deben rexer o funcionamento da Escola, xunto cos Órganos Unipersonais de Goberno e a Xunta de Escola. Neste contexto, son obxectivos para a anualidade 2017-2018 a constitución e posta en normal funcionamento da Comisión Permanente e da Comisión de Garantía Interna de Calidade. Asimesmo, é preciso garantir a representación dos diferentes grupos na Xunta de Escola. Transitoriamente e debido á sucesiva implementación dos cursos do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, o goberno da Universidade de Vigo considerou que é preciso realizar eleccións a representantes da Xunta de Escola de xeito anual. Polo tanto, un obxectivo para este ano é a incorporación de representantes do alumnado de novo ingreso e do profesorado do segundo curso, cun proceso electoral que debe desenvolverse na primeira metade do ano 2018.
- **Sistema de Garantía Interna de Calidade:** Unha vez constituída a Comisión de Calidade, é un obxectivo fundamental a posta en marcha do funcionamento normal de todas as actividades da Escola en relación coa calidade. Para iso, cómpre contar cun manual de calidade e mais establecer os diferentes procedementos que se levarán a cabo. Asimesmo, cómpre que a Comisión de Calidade revise e, no seu caso, colabore a optimizar os procedementos que, por razóns de calendario, tiveron que poñerse en marcha antes da súa aprobación formal pola Comisión (por exemplo o plan de acción tutorial, o sistema de queixas, suxestión e parabéns ou mesmo a elaboración do informe de Revisión do Sistema pola Dirección, entre outros). Desde unha perspectiva global, o obxectivo sería ter en pleno funcionamento o SGIC cando remate o período transitorio de implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, contando nese momento cun arquivo documental de evidencias e do funcionamento axeitado dos procedementos. Outro obxectivo fundamental é acadar a certificación do deseño do SGIC pola ACSUG.
- **Espazos:** A creación dunha nova Escola e de novas titulacións precisa dunha asignación de espazos para que se poidan realizar as tarefas de docencia e investigación. No curso 2016-2017, a docencia teórica do Grao en Enxeñaría Aeroespacial tivo lugar na aula 3.4 do Edificio de Facultades do campus de Ourense e a docencia práctica, principalmente pero non exclusivamente, nos laboratorios do Pavillón Manuel Martínez Risco, sede da propia Escola. Segundo sexa preciso, e co esperado aumento da actividade docente e de persoal docente e investigador da EEAE, é imprescindible ocupar e adaptar unha serie de espazos a maiores cos seguintes fins: aulas para docencia teórica, laboratorios para docencia práctica, laboratorios para investigación (utilizábeis tamén na dirección de traballos de fin de grao e de fin de mestrado), despachos para o novo profesorado, local para a delegación de alumnos e almacén. É un obxectivo fundamental para a correcta posta en marcha das novas actividades da EEAE e a

mellora das que xa se levan a cabo a gradual ocupación, adaptación e correcta utilización dos espazos requeridos. Por suposto, este proceso debe levarse a cabo de xeito coordinado coa Vicerreitoría do Campus de Ourense, responsábel da distribución dos espazos no Campus. Un feito de importancia neste sentido será a inauguración do Edificio do Campus da Auga, que está prevista para o ano 2018.

- **Recursos materiais:** É necesario tamén adecuar os recursos materiais dispoñíbeis á docencia de calidade que se pretende impartir. Isto require, en primeiro lugar, prover ao novo profesorado co material básico que precise, por exemplo con ordenadores axeitados. Sendo unha nova titulación, e en particular sendo do ámbito tecnolóxico, require tamén un investimento para contar con material de laboratorio axeitado para a docencia e a investigación na Escola. Para iso, cóntase co orzamento da Escola e, por outra banda, con fondos que proveñen dun convenio asinado entre a Vicerreitoría do Campus de Ourense e a Xunta de Galicia. Estase a traballar coa Vicerreitoría e os distintos departamentos para a adquisición e posta en funcionamento de todo o novo equipamento. A mellora das actividades da EEAE require que este proceso sexa realizado de xeito eficiente e razoado. A súa correcta implementación é un obxectivo de importancia primordial que poderá ser contrastado en vindeiras anualidades.
- **Recursos humanos:** Segundo se vaian ofertando máis cursos e materias, será preciso incrementar o número de traballadores (PAS e PDI) que levan a cabo o seu labor na EEAE. Naturalmente, a selección de persoal excede as atribucións da Escola e débese traballar coas vicerreitorías e departamentos correspondentes para que o novo persoal chegue coas garantías precisas para o óptimo funcionamento da Escola. En particular, será preciso a incorporación de profesorado cualificado na área de Enxeñaría Aeroespacial.
- **Desenvolvemento da oferta de titulacións:** Na data de elaboración deste informe, está en funcionamento na EEAE o Grao en Enxeñaría Aeroespacial (primeiro e segundo cursos). Por suposto, é preciso aumentar a oferta docente nos seguintes cursos para implementar de xeito completo o grao, coas súas dúas mencións. Asimesmo, a maiores, debería crearse unha oferta apropiada de mestrados. En Xunta de Escola do 1 de marzo de 2017, aprobáronse tres declaracións de interese para implementar mestrados, un no curso 2018-2019 (Máster universitario en Enxeñaría de Sistemas aéreos non tripulados (Unmanned Aircraft Systems Engineering)) e dous no curso 2019-2020 (Máster universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo e Máster universitario en Enxeñaría Aeronáutica (ligado a competencias profesionais reguladas)). Para o mestrado a implementar en 2018-2019 (xunto á Universidade de Santiago de Compostela), finalmente nomeado Mestrado en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados, déronse os pasos pertinentes, coa aprobación da memoria definitiva en Xunta de Escola de 21 de xullo de 2017. É unha obriga desta Escola traballar, dentro das súas posibilidades, para a posta en marcha e promoción destas titulacións, asegurando a súa competitividade dentro da oferta de mestrados do Sistema Universitario Galego.
- **Corrección de detalles na memoria do Grao en Enxeñaría Aeroespacial:** Coa posta en marcha da titulación, detectáronse pequenos erros e detalles que se poden mellorar nas fichas dalgúns materias, con respecto á memoria inicial do título. Esten inclúen duplicidades de contidos, temarios que poden estar mellor explicados e métodos de avaliación que poden ser mellorados. En todos os casos, trátase de detalles que non cambian de ningún xeito a organización da titulación nin as liñas fundamentais das materias, e que poden, segundo as normativas, ser corrixidos mediante informes de seguimento. Esta proposta de mellora consiste en levar a cabo estas correccións para obter un total acordo entre a memoria, as guías docentes e a realidade do título. Isto farase seguindo as pautas indicadas polo profesorado responsable das distintas materias.
- **Internacionalización:** É importante ir dando os pasos precisos para que, coa maior premura posible, se poida implementar un plan de internacionalización na Escola.

Na seguinte táboa resúmense as propostas de mellora xunto cos organos responsábeis de cada unha e o prazo de execución previsto. Hai que ter en conta que a implantación total do Grao en Enxeñaría Aeroespacial terá lugar no curso 2019-2020.

Acción de mellora	Organos responsábeis	Prazo execución
Estrutura organizativa	Xunta de Escola	Xuño de 2018
SGIC	Comisión de Calidade Coordinador de Calidade Área de Calidade	Curso 2018-2019
Espazos	Dirección Xunta de Escola Vicerreitoría do Campus de Ourense	Decembro de 2018
Recursos materiais	Comisión Permanente Xunta de Escola Vicerreitoría do Campus de Ourense	Decembro de 2019
Recursos humanos	Comisión Permanente Xunta de Escola Vicerreitoría de Profesorado Departamentos implicados	Gradualmente ata febreiro de 2020
Oferta de titulacións	Xunta de Escola Comisións Redactoras dos Mestrados Comisións Académicas dos Mestrados	Setembro de 2019
Memoria do Grao	C. Académica e de Recoñecemento de Créditos	Gradualmente ata setembro de 2020
Internacionalización	Xunta de Escola C. Académica e de Recoñecemento de Créditos	2019

IV – Conclusións e acordos


- A posta en marcha da titulación do Grao de Enxeñaría Aeroespacial pode considerarse exitosa, cunha grande demanda que resultou nunha nota de entrada moi alta e un bo grado de satisfacción no alumnado.
- Falta moito por facer ata que se acade o pleno funcionamento da EEAE, tanto a nivel docente (implementación de todos os cursos do grao e dos distintos mestrados) como organizativo e de xestión. Nas vindeiras anualidades, será preciso realizar un esforzo coordinado en todos os aspectos e por parte de todos os grupos de interese.
- A posta en funcionamento do Sistema de Garantía Interno de Calidade e de todos os seus procedementos é unha prioridade para os cursos 2017-2018 e 2018-2019.
